



# informa

## **CIG-SAÚDE GAÑA UNHA SENTENZA NO TSXG QUE RECOÑECE COMO SERVIZOS PRESTADOS O TEMPO DE MATERNIDADE DURANTE A RESERVA DUN CONTRATO DE LONGA DURACIÓN**

**A Asesoría Xurídica da CIG vén de obter unha sentenza do TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA (TSXG) na que se lle dá a razón a unha traballadora integrante das listas de vinculacións temporais do SERGAS á que se lle pospuxo (e reservou) o seu contrato de longa duración ata o remate da súa BAIXA MATERNAL.**

**O tribunal demándalle ao SERGAS que recoñeza como tempo traballado a efectos administrativos, o período de tempo durante o que a demandante estivo de baixa por maternidade que coincida á súa vez co período de tempo no que foi chamada das listas de vinculacións temporais.**

**O pacto de vinculacións temporais recolle o dereito a que se lle oferten os contratos de longa duración a todas aquelas mulleres que se atopen en suspensión de chamamentos por razón de maternidade, e se lles reserve dito contrato ata a súa incorporación efectiva. Isto ata o de agora implicaba unha perda de servizos prestados e supón unha clara discriminación ás mulleres.**

**Dende a CIG-SAÚDE amosamos a nosa satisfacción por un paso adiante máis na igualdade e non discriminación da muller.**

**Para máis información ponte en contacto cos/as delegados/as de CIG-Saúde**



**TI ES A FORZA  
DA SANIDADE PÚBLICA**  
23 DE MAIO / ELECCIÓNS SINDICAIS

[www.cig-saude.info/CENTRAL](http://www.cig-saude.info/CENTRAL)  
[secretarianacional@cig-saude.info](mailto:secretarianacional@cig-saude.info)

981 55 28 26

Facebook: [/CIGSaude/](https://www.facebook.com/CIGSaude/)  
[saudelaboral@cig-saude.info](mailto:saudelaboral@cig-saude.info)